NOTA DE PRENSA

Docasar instará á Xunta a pedir ao Goberno a construción dunha nova Comisaría de Policía en Monforte, pois o Ministerio de Interior conta con terreos municipais a disposición dende hai 5 anos

O socialista realizará esta petición co fin de que o Executivo estatal garanta o funcionamento da Comisaría de Monforte, pois este concello corre o risco de perder este servizo, debido a que o propietario do inmoble no que se atopan estas dependencias na actualidade non prevé renovar o alugueiro ao Ministerio do Interior

Considera que, de non atallar o problema, que conlevaría a desaparición deste servizo, así como a perda das 50 nóminas dos funcionarios adscritos a esta Comandancia, estaríase poñendo en perigo a súa continuidade

A demanda de Docasar enmárcase na iniciativa presentada para reclamar tamén ao Goberno galego que demande ao estatal o incremento do número de efectivos das forzas de seguridade na provincia, sobre todo, no rural, onde viven moitas persoas maiores soas

MONFORTE DE LEMOS, 4 DE NOVEMBRO DE 2014.- O deputado autonómico –Vicente Docasar- instará mañá mércores, no Parlamento, á Xunta de Galicia a pedir ao Goberno Central a construción dunha Comisaría de Policía, pois dende 2009 o concello ten cedidos os correspondentes terreos ao Ministerio de Interior para a execución da nova infraestrutura.

O socialista realizará esta petición co fin de que o Executivo estatal garanta o funcionamento da Comisaría, pois Monforte corre o risco de perder este servizo, debido a que o propietario do inmoble no que se atopan estas dependencias na actualidade non prevé renovar o alugueiro ao Ministerio do Interior. Isto provocaría que, se o departamento estatal non atopa con urxencia unhas novas instalacións ou dota ás existentes dunhas garantías axeitadas para o seu mantemento, se corra o risco de que a Comisaría desapareza de Monforte; cuestión que levaría consigo a perda tanto do servizo que presta, como das 50 nóminas dos funcionarios que alí traballan.

Privatización do servizo

Ante a gravidade da situación, o deputado autonómico reclamará "unha solución urxente", pois, do contrario, este "será o preludio da desaparición definitiva dun servizo esencial que garante a integridade e seguridade dos cidadáns da Zona Sur; algo que non nos estrañaría, pois somos coñecedores de que dende o ministerio do Interior se están "desviando millóns de euros" ás empresas de seguridade privada".

"Atallar o problema ten que ser unha prioridade. Non pode demorarse máis, polo que, de non facelo, estariamos ante unha decisión política errónea guiada unicamente por intereses económicos das grandes empresas do sector. Sería o primeiro paso da progresiva privatización de seguridade pública, cuxo terreo abonado é a nova lei de seguridade privada aprobada recentemente, e coa que se pretende ir derivando progresivamente á seguridade privada os servizos que agora prestan os corpos e forzas de seguridade do estado, incrementando innecesariamente o gasto público e convertendo unha materia tan relevante como a Seguridade Pública e Cidadá nun espazo de negocio privado", denuncia o socialista.

Aumento de efectivos na provincia

Docasar fará esta petición no marco da proposta presentada polo Grupo Socialista, e na que tamén se reclama á Xunta a súa axuda para conseguir que o Goberno Central aumente os efectivos das forzas de seguridade en toda a provincia, co fin de garantir a seguridade e a integridade dos lucenses.

Deste xeito, Docasar dá resposta ás demandas trasladadas polo colectivo a este parlamentario en diversas ocasións, debido a que se está a ver "gravemente" afectado polos recortes aplicados polos Gobernos do Partido Popular nesta materia durante os últimos anos. Precisamente, na policía de Monforte a plantilla quedaría ben cuberta co incremento de 10 profesionais.

"Dos recortes de servizos públicos esenciais do PP non se librou nin sequera a Garda Civil nin a Policía. Son restricións que afectan especialmente ao medio rural, onde hai moitas persoas maiores que viven soas. Por tanto, o que lle imos pedir ao Goberno autonómico é que se chegou a recuperación como din, e se esta ten raíces vigorosas, é hora de que a cidadanía e os servizos públicos esenciais comecen a percibilo, subliña Vicente Docasar.

Unha demanda dos propios afectados

O deputado socialista decidíu levar este asunto ao Parlamento en resposta ás peticións formuladas polos Corpos e Forzas de Seguridade da comarca de Lemos con motivo da conmemoración da patroa da benemérita. Nese acto, diferentes persoas expuxeron a Docasar a "delicada" situación na que atopan os cadros de persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado por mor das restricións impostas; "unha carencia" que "está a poñer en perigo a seguridade da cidadanía e das súas propiedades, xa que as plantillas coas que contan na actualidade non son suficientes para enfrontarse con éxito ás novas formas de delincuencia que imperan no mundo actual".

Concretamente, en Monforte, a Policía Nacional dispón, a día de hoxe de 10 prazas menos das que serían necesarios para prestar o servizo con total garantía. Esta mesma eiva pode atoparse no persoal da Garda Civil, que debe atender unha zona moi ampla do rural e con poucos profesionais para realizada.

Por este motivo, e dado que, nas últimas semanas, "vimos observando con enorme preocupación como proliferan no medio urbano e, fundamentalmente no rural, unha serie de actos delitivos que están poñendo en perigo ás persoas e ás súas pertenzas, e tendo en conta que o presidente do Goberno, os seus ministros e os diferentes cargos da Xunta de Galicia non paran de asegurar un día si e outro tamén que a crise económica ten chegado ao seu fin, consideramos que esta recuperación ten que servir tamén para que as forzas e corpos de seguridade do Estado recuperen progresivamente as plantillas que tiñan antes da chegada da crise", conclúe Docasar.